

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.

A normativa educativa en vigor na Comunidade Autónoma de Galicia regula aspectos que os centros docentes e o profesorado deben desenvolver e cumprir co obxectivo de garantir unha organización eficiente e coordinada do proceso educativo.

O currículo e a ordenación das etapas educativas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato está establecido, respectivamente, no Decreto 150/2022, do 8 de setembro; no Decreto 155/2022, do 15 de setembro; no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, e no Decreto 157/2022, do 15 de setembro. Por outra banda, as ordes de desenvolvemento destes decretos concretan aspectos da organización, do desenvolvemento do currículo e da avaliación que os centros docentes cómpre teñan en conta para o vindeiro curso académico 2025/26 e habilitan a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as medidas precisas para a súa execución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece os principios e os fins que debe alcanzar o sistema educativo en cada unha das súas etapas e que, polo tanto, constitúen o marco de actuación dos centros docentes e do profesorado. Pola súa banda, a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, establece os dereitos e deberes do alumnado e das nais, pais e persoas titoras legais na contorna educativa. No contexto social e educativo actual, son piares para a convivencia escolar o cumprimento do deber de respecto ás normas do centro docente e ás demais persoas, e a consideración do profesorado como axente fundamental dos procesos de ensino. A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, recoñece expresamente, no seu artigo 11, o profesorado como autoridade pública e como garante dun clima de respecto e aprendizaxe, e complementase co Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, cuxo capítulo II establece medidas para a prevención e resolución pacífica de conflitos.

En materia de atención á diversidade, os centros deben cumprir o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a resposta educativa ao alumnado con necesidade específica



de apoio educativo, e a Orde do 8 de setembro de 2021 que establece as directrices para a súa aplicación, garantindo unha educación inclusiva e adaptada ás necesidades individuais.

Polo anterior, é preciso ditar instrucións que concreten aspectos e actuacións para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan o segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato no réxime ordinario, e como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

RESOLVO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións no curso académico 2025/26 para os centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan o segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato no réxime ordinario no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Promoción da convivencia e loita contra o acoso escolar

1. Os centros fomentarán un ambiente de convivencia respectuosa en que se valore a diversidade, se respecten os demais e se poñan en práctica a tolerancia e o diálogo. A convivencia basearase en valores democráticos, en que todos os membros da comunidade educativa se sintan parte dun proxecto común.

Adoptaranse as medidas previstas contra o acoso escolar que garantan que todos os casos de acoso sexan identificados, se traten de inmediato e se lles dea solución de forma eficaz.

2. Os centros docentes informarán a principio de curso a todo o alumnado e as nais, pais e persoas titoras legais, especialmente os de nova incorporación no centro, dos dereitos e deberes que establece a normativa –con carácter xeral dos artigos cuarto e sexto da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, e dos artigos 6 e 7 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como das medidas establecidas nas normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC)–.



3. A Administración educativa promoverá cursos, programas e/ou actividades de formación do profesorado co obxectivo de mellorar a convivencia nos centros docentes e reforzar a autoridade do profesorado.

Terceiro. *Autoridade do profesorado*

1. O profesorado, como profesional do ensino e na súa condición de autoridade pública –tal e como recoñece o artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, –é un axente fundamental nos centros docentes, tanto nos procesos de ensino e aprendizaxe como para a convivencia escolar.

2. A autoridade do profesorado para cumprir as súas funcións será exercida conforme os principios de respecto mutuo, convivencia e prevención de conflitos e con base no cumprimento da normativa vixente e das NOFC.

Toda a comunidade educativa debe respectar e recoñecer, coa debida consideración, o seu labor e as súas decisións didácticas e pedagóxicas.

A Administración educativa apoiará a autoridade do profesorado e velará para que os centros docentes adopten as medidas necesarias para fomentar o respecto e o apoio ao profesorado, promovendo unha actitude de tolerancia cero ante calquera tipo de agresión física ou verbal contra os profesionais do ensino.

3. Segundo a normativa vixente, os feitos constatados polo profesorado terán presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa outras persoas poidan sinalar ou achegar coa debida motivación, imparcialidade e obxectividade.

4. As agresións físicas ou verbais, as ameazas e as intimidacións contra o profesorado no exercicio das súas funcións, tanto no propio centro como fóra del, a través de calquera medio, incluídos os dixitais, poderán considerarse, atendendo ás circunstancias, un ataque contra a autoridade pública e poderán ser obxecto, segundo a persoa agresora, de responsabilidade penal, administrativa e/ou das medidas correctoras pertinentes.

A dirección do centro docente informará de xeito inmediato a Inspección educativa sobre calquera agresión ou violencia contra o profesorado co obxectivo de poñelo en coñecemento da dirección territorial correspondente e da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para recibir asesoramento e apoio na solución do conflito.

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



Cuarto. Autoridade da dirección do centro público

1. A persoa titular da dirección é a persoa representante da Administración pública e a máxima autoridade do centro docente. É responsable da xestión e organización dos recursos humanos e materiais do centro, polo que debe actuar de acordo cos principios de eficacia, legalidade e responsabilidade, velando polo cumprimento da normativa vixente e dos obxectivos educativos e promovendo un ambiente propicio para a convivencia e seguro para toda a comunidade educativa.

2. A súa xestión abranguerá todas as actividades desenvoltas polo centro: organización, xestión administrativa, xestión de recursos e liderado e dinamización pedagóxica, sen prexuízo das competencias, funcións e responsabilidades do resto das persoas que forman parte do equipo directivo, dos órganos colexiados de goberno e dos órganos de coordinación docente.

3. A directora ou director promoverá o respecto e a autoridade pública do profesorado no exercicio das súas funcións, mediando na xestión dos posibles conflitos, favorecendo o diálogo e as solucións máis axeitadas e respectando os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.

4. A persoa titular da dirección responsabilizarase da actualización e da autenticidade dos datos incorporados nas aplicacións corporativas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, sen prexuízo da responsabilidade que poida corresponder a outras persoas.

Quinto. Actividades desenvoltas e colaboracións externas

1. Conforme o artigo 18 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, a actividade desenvólvese con suxeición aos principios constitucionais, garantindo a neutralidade ideolóxica. O profesorado transmitirá os valores constitucionais, informará obxectivamente e de maneira imparcial sobre o pluralismo social e promoverá o pensamento crítico e o respecto ás liberdades individuais.

2. As actividades complementarias do curso académico deben basearse en propostas que complementen a actividade lectiva, cunha finalidade orientada a facilitar, profundar e/ou motivar aprendizaxes curriculares de maneira máis significativa. Ademais, o centro deberá garantir unha programación e distribución racional das actividades complementa-



rias ao longo do curso, que non interfiran co desenvolvemento habitual das clases, evitando a concentración excesiva en determinados períodos, grupos ou cursos.

Todas as actividades complementarias deberán figurar na programación xeral anual (PXA) e, de ser o caso, de xeito moi excepcional, baixo premisas de motivación e coherencia co currículo, poderán realizarse actividades complementarias sobrevividas sempre e cando sexan aprobadas polo equipo directivo e se dea conta delas ao consello escolar e á Inspección educativa.

3. Os centros públicos poderán colaborar con diversas entidades, tanto públicas como privadas, sempre que as ditas colaboracións respecten os principios educativos, éticos e legais establecidos. As colaboracións deben ser transparentes, obxectivas e orientadas ao beneficio educativo do alumnado e vencelladas ao desenvolvemento curricular.

CAPÍTULO II

Educación infantil

Sexto. Aspectos xerais na educación infantil

1. Nas primeiras semanas do curso organizaranse as actuacións necesarias para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino e aprendizaxe.

2. Propiciaranse contornas escolares saudables e seguras a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a esta etapa educativa e atenderase ao benestar emocional deste alumnado.

Sétimo. Horario lectivo do alumnado na educación infantil

1. O horario lectivo do alumnado organizarase desde un enfoque globalizador e incluírá propostas de aprendizaxe que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividade con períodos de xogo e de descanso en función das necesidades do alumnado.

2. Os períodos lectivos organizaranse baixo criterios de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e as necesidades das alumnas e dos alumnos.



Oitavo. Horario do profesorado na educación infantil

1. A dirección do centro poderá asignarlle ao profesorado que non complete as 23 horas lectivas tarefas relacionadas prioritariamente coa atención á diversidade e de apoio e reforzo para o alumnado do centro que o necesite; esta asignación poderá ser revisada unha vez realizada a avaliación inicial ou, de ser o caso, durante o curso.

2. Os especialistas con dispoñibilidade horaria no seu horario lectivo poderán apoiar o labor da titora ou titor de educación infantil. O centro poderá xestionar este apoio de diferentes formas –desde unha docencia compartida, unha docencia individual ou mesmo unha combinación delas– atendendo á súa autonomía para xestionar os seus recursos da forma máis eficiente e na procura da mellor resposta educativa para o grupo de alumnado.

3. Nas intervencións do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe o centro considerará o disposto no capítulo VII.

Noveno. Planificación do proceso de ensino e aprendizaxe

1. A planificación do proceso de ensino e aprendizaxe deberá garantir a impartición do currículo do segundo ciclo ao longo dos seus tres cursos.

Para estes efectos, o profesorado distribuirá os criterios de avaliación e os contidos establecidos no currículo de cada área en cada un dos cursos, tendo en conta que cada criterio de avaliación e contido debe ser tratado como mínimo nun dos tres cursos.

2. Poderanse elaborar programacións didácticas combinando, por nivel educativo, calquera das tres áreas da etapa: Comunicación e Representación da Realidade, Crecemento en Harmonía e Descubrimento e Exploración da Contorna.

3. Os criterios de avaliación serán os referentes para valorar o progreso do alumnado nos informes de avaliación que se trasladan ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais. Para estes efectos, o profesorado poderá seleccionar en cada avaliación os criterios de avaliación susceptibles de ser comunicados ás familias.

4. As mestras e os mestres especialistas que exerzan o seu labor docente no ensino de lingua estranxeira ou de aprendizaxes relacionadas coa súa especialidade poderán participar na elaboración da programación didáctica da área da cal formen parte as ditas aprendizaxes.



CAPÍTULO III
Educación primaria*Décimo. Aspectos xerais na educación primaria*

1. Para favorecer a transición do alumnado entre as etapas de educación infantil e de educación primaria adoptaranse as medidas necesarias que se basearán na información que consta nas correspondentes memorias finais, así como nos informes do alumnado elaborados ao final do curso 2024/25.

2. A planificación do primeiro ciclo de educación primaria basearase en metodoloxías que non supoñan unha ruptura abrupta respecto das empregadas durante a etapa de educación infantil.

3. Para atender o alumnado de forma coordinada nos aspectos educativos e emocionais, cómpre prestar especial atención á transición entre niveis e ciclos dentro desta etapa e será especialmente necesaria a colaboración entre os equipos docentes.

Décimo primeiro. Horario lectivo do alumnado na educación primaria

Na configuración do horario lectivo do alumnado teranse en conta as seguintes consideracións:

a) A distribución das áreas/ámbitos en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

b) O período de recreo terá unha duración comprendida entre 20 e 30 minutos.

c) Os centros docentes, no uso da súa autonomía, poderán organizar o horario lectivo en cada xornada en sesións ou medias sesións que se poderán agrupar co fin de potenciar estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento das competencias ou de traballo interdisciplinario.

d) Establecerase un tempo lectivo diario para o fomento da lectura que terá unha duración comprendida entre 20 e 30 minutos diarios. Na aplicación XADE, na configuración dos horarios dos grupos, empregarase a opción denominada Lectura para reflectir este tempo lectivo.

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



Décimo segundo. *Horario do profesorado na educación primaria*

1. A dirección do centro poderá asignarlle ao profesorado que non complete as 23 horas lectivas tarefas relacionadas prioritariamente coa atención á diversidade e de apoio e reforzo para o alumnado do centro que o necesite; esta asignación poderá ser revisada unha vez realizada a avaliación inicial ou, de ser o caso, durante o curso.

2. Nas intervencións do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe o centro considerará o disposto no capítulo VII.

Décimo terceiro. *Agrupación de áreas en ámbitos*

1. A constitución de ámbitos requirirá autorización expresa do servizo territorial de Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización e configurarán en XADE a oferta de ámbitos (Mantemento > Convocatoria 2025/26 > Ensinanzas > Ámbitos) antes do 15 de xullo de 2025.

2. Os ámbitos autorizados no curso 2024/25 consideraranse prorrogados no curso 2025/26 nos mesmos termos. Non obstante, o centro debe configurar en XADE a oferta de ámbitos na nova convocatoria 2025/26 antes do 15 de xullo de 2025 (Mantemento > Convocatoria 2025/26 > Ensinanzas > Ámbitos).

No caso de que o centro non desexe continuar coa constitución deses ámbitos, deberá comunicalo á Inspección educativa e eliminar en XADE para o curso 2025/26 a configuración da oferta de ámbitos (Mantemento > Convocatoria 2025/26 > Ensinanzas > Ámbitos) antes do 15 de xullo de 2025.

**CAPÍTULO IV
Educación secundaria obrigatoria****Décimo cuarto. *Oferta de materias no centro***

1. Os centros docentes remitirán á dirección territorial correspondente, antes do 15 de xullo de 2025, a solicitude de autorización excepcional para impartir cun número menor de alumnado as materias optativas de terceiro e cuarto curso ou materias de opción de cuarto curso, tendo en conta a regulación do artigo 4 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro.



2. Na oferta das materias de linguas estranxeiras terase en conta que:

a) Con carácter xeral, o alumnado estudará o mesmo idioma na materia Lingua Estranxeira nos catro curso da etapa.

b) Con carácter xeral, o alumnado estudará o mesmo idioma na materia Segunda Lingua Estranxeira no primeiro e no segundo curso da etapa.

c) O alumnado que opte por cursar un idioma diferente na materia Segunda Lingua Estranxeira en terceiro ou en cuarto curso, sen cursala en anos anteriores, deberá contar coa competencia necesaria para poder seguir a programación correspondente e acadar os obxectivos previstos.

Décimo quinto. Agrupación de materias en ámbitos

1. A constitución de ámbitos requirirá autorización expresa do servizo territorial de Inspección educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización e configurarán en XADE a oferta de ámbitos (Mantemento > Convocatoria 2025/26 > Ensinanzas > Ámbitos) antes do 15 de xullo de 2025.

2. Os ámbitos autorizados no curso 2024/25 consideraranse prorrogados no curso 2025/26 nos mesmos termos. Non obstante, o centro debe configurar en XADE a oferta de ámbitos na nova convocatoria 2025/26 antes do 15 de xullo de 2025 (Mantemento > Convocatoria 2025/26 > Ensinanzas > Ámbitos).

No caso de que o centro non desexa continuar coa constitución deses ámbitos, deberá comunicalo á Inspección educativa e eliminar en XADE para o curso 2025/26 a configuración da oferta de ámbitos (Mantemento > Convocatoria 2025/26 > Ensinanzas > Ámbitos) antes do 15 de xullo de 2025.

3. No caso de que unha alumna ou un alumno deba cursar un ámbito do cal forme parte unha materia obxecto de validación ou exención, o profesorado terá en consideración esta circunstancia para efectos da avaliación.

Décimo sexto. Exención da Segunda Lingua Estranxeira

1. O alumnado de primeiro e de segundo curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira.



2. A decisión sobre a aplicación desta medida recaerá na dirección do centro, unha vez oídos a nai, o pai ou as persoas titoras legais da alumna ou do alumno, e poderá ser tomada:

a) Nos primeiros días do curso, tendo en conta, de ser o caso, os informes elaborados no final do curso 2024/25 polas persoas titoras en colaboración co departamento de orientación coa proposta de alumnado que poida ser obxecto desta exención.

b) Na sesión de avaliación inicial, o equipo docente, á vista dos datos e información analizados, poderá realizar outras propostas de exención ou de incorporación á dita materia.

Para estes efectos, a persoa titora en colaboración co departamento de orientación elaborará un informe que incluíra a descrición das dificultades continuadas que presenta a alumna ou o alumno, así como unha proposta das aprendizaxes en que se debe enfocar o reforzo que recibirá a alumna ou o alumno, que trasladará á dirección do centro para que decida sobre a aplicación da medida.

c) No caso do alumnado que se incorpore ao centro procedente do estranxeiro ou de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia despois de iniciado o curso escolar e de realizada a sesión de avaliación inicial, o informe que recolla a proposta para aplicar esta medida elaborárase, de ser o caso, a partir dos resultados da súa avaliación inicial.

3. Tras as decisións tomadas na avaliación final do curso 2025/26 do sexto curso da educación primaria e de primeiro curso da educación secundaria obrigatoria, a persoa titora en colaboración co departamento de orientación, elaborará un informe que recolla as propostas da medida de exención da materia de Segunda Lingua Estranxeira para o curso 2026/27, que será entregado á dirección do centro.

Décimo sétimo. *Validación e exención de materias*

1. As solicitudes de validación de materias de 2º, 3º e 4º de ESO por ter cursadas ensinanza profesionais de música ou de danza, segundo os criterios establecidos na Orde do 22 de xuño de 2023, serán rexistradas na aplicación XADE (En cada alumna/o > Matrícula > Mod.Mat.).

No caso de ser admitida, deberá rexistrase a dilixencia correspondente no historial e no expediente académico, segundo o modelo de anexo IX da Orde do 22 de xuño de 2023 na aplicación XADE (En cada alumna/o > Avaliación > Dilixencias/Observ.).



2. As solicitudes de exención da materia Educación Física serán rexistradas na aplicación XADE (En cada alumna/o > Matrícula > Mod.Mat.).

No caso de ser admitida deberá rexistrase a dilixencia correspondente no historial e no expediente académico, segundo o modelo de anexo IX da Orde do 22 de xuño de 2023 na aplicación XADE (En cada alumna/o > Avaliación > Dilixencias/Observ.).

Décimo oitavo. *Programa de diversificación curricular*

1. Para a incorporación do alumnado ao programa de diversificación curricular seguira-se o procedemento establecido no punto 8 do artigo 61 da Orde do 8 de setembro de 2021, logo de realizada a avaliación final correspondente.

A dirección do centro elevará a proposta de incorporación do alumnado, xunto co resto de documentación do procedemento, antes do 15 de xullo de 2025, ao servizo territorial de Inspección educativa correspondente, quen emitirá autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de diversificación curricular.

2. As materias pendentes de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos, que sexan recuperadas polo alumnado de PDC, serán recuperadas coa mesma cualificación que a obtida no ámbito.

Décimo noveno. *Matrícula de honra*

Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrência entre todo o alumnado, as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán no cálculo da media para os efectos da mención de matrícula de honra.

Vixésimo. *Probas ou actividades personalizadas extraordinarias*

1. A inscrición e a matrícula realizaranse nos últimos dez días hábiles do mes de maio no centro educativo onde a alumna ou o alumno estivese matriculado por última vez no cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

2. As probas ou actividades personalizadas extraordinarias realizaranse no mes de xuño e o seu calendario e horario harmonizarase coas actividades lectivas finais de curso.



3. En cada centro docente no cal se realicen as probas ou actividades personalizadas extraordinarias creárase unha comisión de avaliación constituída polo conxunto de profesorado encargado da avaliación das materias, que terá as seguintes funcións:

- a) Deseño das probas para cada materia.
- b) Organización e desenvolvemento das probas ou actividades personalizadas extraordinarias.
- c) Avaliación e cualificación das probas ou actividades personalizadas extraordinarias.
- d) Elaboración das actas da avaliación.
- e) Proposta de resolución das reclamacións presentadas.
- f) Outras que a dirección do centro lle encomende, dentro do seu ámbito de competencias.

4. Cada materia ou ámbito serán avaliados por un único membro do profesorado que, con carácter xeral, será unha profesora ou un profesor que se encargue de impartilos no curso académico, e asinará as actas de avaliación correspondentes.

5. Realizarase unha sesión de avaliación nas datas establecidas para a sesión de avaliación final na cal participará o profesorado responsable das probas ou actividades e será coordinada pola persoa que exerza a xefatura de estudos ou a persoa en que delegue.

6. Os centros docentes en que se desenvolvan as probas ou actividades personalizadas extraordinarias darán, a través dos departamentos de orientación, a información e a orientación que demanden as persoas interesadas. Para estes efectos, logo de rematado o proceso de matrícula, o equipo directivo do centro encargárase de organizar e coordinar unha xornada de acollemento para as persoas matriculadas, xunto coa orientadora ou o orientador do centro, co fin de transmitir a información precisa, dar as instrucións que consideren convenientes e aclarar as dúbidas xurdidas para o mellor desenvolvemento destas probas ou actividades personalizadas extraordinarias.

O profesorado informará, cando menos, dos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación de cada materia ou ámbito en que a alumna ou o alumno estea inscrito, así como dos criterios de titulación.

CVE-DOG: 6s5aaqg8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



CAPÍTULO V
Bacharelato**Vixésimo primeiro. Oferta de materias no centro**

1. Os centros docentes remitirán á dirección territorial correspondente, antes do 15 de xullo de 2025, a solicitude de autorización excepcional para impartir cun número menor de alumnado as materias de modalidade ou as materias optativas, tendo en conta a regulación do artigo 4 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

2. Cando non se poida constituír grupo dalgunha materia específica –obrigatoria ou de opción– das modalidades ou vías ofertadas nun centro docente por non ter o número suficiente de alumnado para impartila, facilitarase ao alumnado que a curse a través das ensinanzas para persoas adultas mediante a modalidade de educación a distancia (IES San Clemente) ou, de ser posible, noutros centros docentes, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous centros o permita. Neste caso teranse en conta as seguintes consideracións:

a) Soamente poderán cursarse na educación a distancia ou noutros centros docentes a materia obrigatoria ou as materias de opción das modalidades ou vía/s ofertada/s polo centro en que non se alcanzou o número suficiente de alumnado para poder impartilas.

b) A materia cursada como optativa pola alumna ou alumno, inclusive aquelas materias de modalidade ofertadas e cursadas como optativas, non poderá ser obxecto de solicitude para cursarse a distancia ou noutros centros docentes.

c) Unha materia que estea sendo impartida no propio centro non poderá ser obxecto de solicitude para cursarse a distancia ou noutros centros docentes.

d) Para cursar a distancia, o centro solicitará autorización motivada á Inspección educativa antes do 30 de setembro, agás para alumnado matriculado no 1º curso que cambie de modalidade ou vía, en que o prazo se estenderá ata o 15 de outubro. En calquera caso, contarase coa autorización das nais, os pais ou as persoas titoras legais, ou da alumna ou do alumno cando se trate de alumnado maior de idade.

Previamente á solicitude, o centro docente informará o alumnado, ou a nai, pai ou persoa titora legal no caso de menores de idade, sobre as condicións de avaliación das ditas materias, especialmente sobre a responsabilidade da avaliación que corresponde ao per-



soal docente do IES San Clemente e de que as probas de avaliación se realizarán presencialmente no IES San Clemente da mesma maneira que o resto do alumnado dese centro.

Vixésimo segundo. Validación e exención de materias

1. As solicitudes de validación de materias por ter cursadas ensinanza profesionais de música ou de danza, segundo os criterios establecidos na Orde do 22 de xuño de 2023, serán rexistradas na aplicación XADE (En cada alumna/o > Matrícula > Mod.Mat.).

No caso de ser admitida deberá rexistrase a dilixencia correspondente no historial e no expediente académico, segundo o modelo de anexo IX da Orde do 22 de xuño de 2023 na aplicación XADE (En cada alumna/o > Avaliación > Dilixencias/Observ.).

2. As solicitudes de exención da materia Educación Física serán rexistradas na aplicación XADE (En cada alumna/o > Matrícula > Mod.Mat.).

No caso de ser admitida deberá rexistrase a dilixencia correspondente no historial e no expediente académico, segundo o modelo de anexo IX da Orde do 22 de xuño de 2023 na aplicación XADE (En cada alumna/o > Avaliación > Dilixencias/Observ.).

Vixésimo terceiro. Cambio de modalidade ou vía

1. O alumnado que cambie de modalidade ou vía deberá cursar e superar as seis materias específicas da nova modalidade ou vía elixida –a materia obrigatoria e dúas materias de opción correspondentes ao primeiro curso, e a materia obrigatoria e dúas materias de opción correspondentes ao segundo curso–, así como todas as materias comúns e as materias optativas de primeiro e de segundo curso.

2. As materias cursadas e superadas que non forman parte das materias requiridas para efectos de titulación pola nova modalidade ou vía non se terán en conta para o cálculo da nota media de bacharelato.

Vixésimo cuarto. Alumnado que estea en posesión do título profesional de Música ou de Danza, de técnica ou técnico de formación profesional ou de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño

1. O alumnado que desexe cursar exclusivamente as materias comúns por estar en posesión do título profesional de Música ou de Danza, de técnica ou técnico de formación



profesional ou de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño deberá solicitalo ao formalizar a matrícula de bacharelato.

A solicitude deberá ir acompañada de documento acreditativo de estar en posesión do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente e da documentación que acredite que está en posesión título profesional de Música ou de Danza, técnica ou técnico de formación profesional ou en Artes Plásticas e Deseño.

Este alumnado, ao ter que superar exclusivamente as materias comúns para a obtención do título de bacharel, poderá formalizar a matrícula en calquera centro con oferta de bacharelato con independencia da modalidade.

2. Este alumnado terá as mesmas condicións de permanencia e promoción no bacharelato que o resto do alumnado.

3. O centro matriculará este alumnado na aplicación XADE elixindo a opción que corresponda:

a) No caso do réxime ordinario:

- Materias comúns-técnicas/os de FP.
- Materias comúns-Artes Plásticas e Deseño.
- Materias comúns-Música e Danza.

b) No caso do réxime de adultos:

- Oficial-materias soltas.

Vixésimo quinto. *Alumnado que cursa bacharelato en tres anos académicos*

1. O alumnado que desexa cursar o bacharelato de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de Música ou de Danza, o alumnado coa consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento e o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo poderá solicitar a realización do bacharelato en tres anos académicos, seguindo o procedemento regulado no artigo 10 da Orde do 26 de maio de 2023 (etapa de bacharelato).

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



2. O centro matriculará na aplicación XADE o alumnado que curse o bacharelato en tres anos académicos elixindo a opción que corresponda:

a) No caso do réxime ordinario:

– BAC-3 anos: deportistas alto nivel/rendemento.

– BAC-3 anos: ensinanzas profesionais de Música e Danza.

– BAC-3 anos: outros.

b) No caso do réxime de adultos:

– Oficial: materias soltas.

Vixésimo sexto. *Nota media da etapa*

1. A nota media final da etapa obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas necesarias para obter o título de bacharel pola modalidade ou vía elixida. Para estes efectos terase en conta que:

– As materias de 1º curso que teñan que ser cursadas e superadas para poder matricularse en 2º curso de materias con relación de continuidade consideraranse materias necesarias para obter o título de bacharelato e, polo tanto, computarán no cálculo da nota media.

– A alumna ou o alumno deberá indicar no momento da solicitude de cambio de modalidade ou vía se quere que se considere unha materia específica, cursada e superada, da modalidade que abandona como materia optativa.

– No caso do alumnado que titule, por decisión do equipo docente, pola superación de todas as materias agás unha, no cálculo da súa nota media terase en conta a cualificación da materia non superada.

2. A nota media normalizada da etapa obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, agás a cualificación das ensinanzas de relixión, necesarias para obter o título de bacharel pola modalidade ou vía elixida, e coas mesmas consideracións indicadas para a nota media final da etapa.

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



Vixésimo sétimo. Adquisición doutra modalidade de bacharelato

As persoas que obtivesen o título de bacharel por unha das modalidades ou vías reguladas no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, e desexen adquirir outra modalidade ou vía deberán cursar e superar as materias específicas de modalidade de primeiro e de segundo curso que se requiran na nova modalidade ou vía matriculándose no réxime de persoas adultas e coas condicións que se establezan para eses efectos.

CAPÍTULO VI**Planificación e seguimento das actividades lectivas***Vixésimo oitavo. Planificación das actividades lectivas*

1. A programación didáctica elaborárase por nivel educativo para cada unha das áreas, materias e ámbitos e será a mesma para todos os grupos do nivel.

No caso de que o centro imparta ensinanzas de bacharelato do réxime xeral e do réxime de persoas adultas, a programación didáctica para as materias de cada réxime adaptárase ás características propias do ensino de cada réxime.

2. As programacións didácticas, unha vez entregadas polo profesorado, serán públicas para garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e o coñecemento do proceso de ensino e de aprendizaxe pola comunidade educativa. Neste sentido, os centros darán visibilidade ao acceso público a través da aplicación informática Proens, sen prexuízo doutros medios de difusión que desexen empregar.

Vixésimo noveno. Seguimento e memoria

1. O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo información relevante de cada unidade didáctica: as datas de inicio e fin de impartición e as sesións realizadas, o grao de cumprimento respecto ao planificado, as propostas de modificación e/ou mellora, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e, de ser o caso, observacións.

2. Ao remate do curso académico, a profesora ou o profesor que imparta unha área, unha materia ou un ámbito nun nivel determinado colaborará co resto do profesorado que imparta a mesma área, materia ou ámbito nese nivel para realizar o seguimento final da programación didáctica desa área, materia ou ámbito recollendo información sobre os resultados de avaliación, a análise xeral de resultados de avaliación en relación cos cursos



anteriores, o grao de cumprimento dos indicadores de logro, as propostas xerais de modificación e/ou mellora para o curso seguinte e, de ser o caso, observacións xerais.

3. As xefaturas dos departamentos didácticos ou as coordinadoras ou os coordinadores de ciclo, á vista da información reflectida no seguimento das programacións didácticas realizado polo profesorado, elaborarán a memoria final do departamento ou ciclo.

Trixésimo. Aplicación informática

1. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática Proens para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular, así como para a elaboración, o seguimento e a supervisión das programacións didácticas, para a elaboración das adaptacións curriculares e para a realización das memorias finais de departamento ou de ciclo.

Esta aplicación informática tamén se utilizará para a supervisión por parte da Inspección educativa.

2. Os centros empregarán a aplicación informática Educabilidade para realizar a concreción anual e o seguimento do seu plan dixital conforme as indicacións trasladadas pola unidade competente.

3. Co obxecto de facilitar a elaboración, o arquivamento e a difusión dos plans e proxectos educativos, así como de optimizar o procedemento de xestión documental, cada centro docente incorporará os plans educativos de biblioteca, de lectura e de actividades físicas e hábitos saudables á aplicación informática que a consellería porá á disposición para este fin. Para estes efectos, trasladaranse as instrucións precisas durante o curso 2025/26.

Os centros docentes que o consideren tamén poderán empregar a dita aplicación para incorporar e/ou elaborar outros plans ou proxectos que estean configurados nela.

Trixésimo primeiro. Tempo de lectura

1. En todas as etapas educativas o tempo dedicado á lectura terá un tratamento transversal, interdisciplinario, de implicación de todo o profesorado e de todas as áreas/materias/ámbitos, ademais da posibilidade de involucrar as actividades de centro e/ou os plans, programas e proxectos en que se participe, sen prexuízo de que na etapa de educación primaria os centros incorporarán un tempo de lectura no horario lectivo diario do alumnado, conforme o ordinal décimo primeiro.

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



2. Na concreción curricular, na nova subalínea c.1), Tempo de lectura e práctica da oratoria, dentro da alínea c), Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar elementos transversais, recolleranse as decisións e os criterios xerais, aprobados polo claustro, en relación coa forma de organizar e dar pautas para o tempo diario de lectura no horario lectivo, entre outros aspectos de interese.

3. Ademais, os centros docentes elaborarán o plan de lectura, escritura e acceso á información de acordo coas instrucións que se diten ao respecto durante o curso 2025/26.

Trixésimo segundo. Uso dos recursos tecnolóxicos

O profesorado promoverá un uso responsable e seguro dos recursos tecnolóxicos no proceso de ensino e aprendizaxe, equilibrado respecto doutro tipo de recursos e materiais e orientado ao logro dos obxectivos curriculares e das competencias clave.

Trixésimo terceiro. Reunións telemáticas

1. O claustro decidirá sobre a posibilidade de que os órganos de coordinación docente do centro manteñan reunións de forma telemática. En caso de aprobación por parte do claustro, cada órgano de coordinación acordará por maioría dos seus membros –co voto de calidade da persoa xefa ou responsable do órgano en caso de empate– se emprega este tipo de modalidade.

2. O equipo directivo poderá establecer normas propias comúns para todas as reunións da modalidade telemática, que deberán recollerse nas NOFC, e, en todo caso, nesta modalidade sempre deberán cumprirse estes aspectos:

– Para a conexión a distancia empregaranse aplicacións corporativas ou postas á disposición pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como Falemos (<https://falemos.edu.xunta.gal/>) ou Webex (<https://eduxunta.webex.com/>).

– As persoas participantes nas sesións telemáticas deberán dispoñer de medios tecnolóxicos propios e atoparse nunha localización adecuada para establecer unha conexión de calidade audiovisual durante toda a duración da sesión.

– Para facilitar a participación e a identificación de todas as persoas participantes, será necesario que eses medios tecnolóxicos dispoñan de cámara, altafalante e micrófono.

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



CAPÍTULO VII
Atención á diversidade

Trixésimo cuarto. Horario do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

1. Cando se precise a intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, o seu horario dedicarase ás funcións propias destas especialidades.

Para estes especialistas, o centro poderá considerar outras franxas horarias diferentes e de menor duración que as sesións lectivas, tanto para a atención docente directa na aula ordinaria como para atención fóra da aula ordinaria.

2. A dirección do centro poderá adaptar e adecuar o horario destes especialistas ao longo do curso académico tendo en conta, de ser o caso, o carácter temporal de certas intervencións; a modificación, actualización e/ou revisión do informe psicopedagóxico da alumna ou alumno que propoñan un cambio de medida; a escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais que precise da intervención destes especialistas; as valoracións e decisións adoptadas nas sesións de avaliación, ou outras circunstancias que así o aconsellen.

Trixésimo quinto. Atención educativa fóra da aula ordinaria

1. Nos casos de atención educativa fóra da aula ordinaria por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe primarase a atención en pequeno grupo, de ata cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea, que poderá estar conformado por alumnado de diferentes niveis. Para estes efectos, as persoas especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe colaborarán coa orientadora ou o orientador e coa xefatura de estudos na proposta de organización e configuracións destes pequenos grupos.

2. A atención fóra da aula, dado a seu carácter excepcional, cumprirá as condicións establecidas no artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021:

– O informe psicopedagóxico da alumna ou o alumno deberá motivar a proposta desta medida.

– A atención fóra da aula distribuirase de forma equilibrada ao longo da semana e en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha área/materia, excepto para aquel alumnado escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria.



– A atención fóra da aula que reciba a alumna ou o alumno, xa sexa porque precisa apoio dun único especialista ou porque precisa apoio de ambos os especialistas, non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais do horario do alumnado, é dicir, a suma total de atención fóra da aula será como máximo de 8 períodos lectivos semanais.

Trixésimo sexto. Criterios para a aplicación das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade

1. As medidas educativas aplicadas ao alumnado, individualmente ou no seu conxunto, seleccionaranse atendendo a metodoloxías activas e inclusivas, que prioricen a atención na aula ordinaria, para garantir un desenvolvemento integral de cada persoa, tanto curricular como social e emocional, e fomentar a cultura inclusiva.

2. Na aplicación das medidas de atención á diversidade, os centros considerarán os seguintes criterios:

a) Favorecer a aplicación das medidas ordinarias de atención á diversidade como paso previo para a aplicación de medidas extraordinarias.

b) Fomentar a aplicación de medidas de atención á diversidade por parte de todo o profesorado como forma de favorecer a equidade e a inclusión.

c) Primar a atención do alumnado con necesidades educativas especiais. A este respecto, terase en conta que as medidas extraordinarias de elaboración de adaptacións curriculares (artigo 55 da Orde do 8 de setembro de 2021) e de apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe (artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021) deben estar dirixidas a alumnado con necesidades educativas especiais e, soamente de xeito excepcional, poderían aplicarse ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Disposición adicional primeira. Exención da área ou materia de Lingua Galega e Literatura

1. De conformidade co artigo 3 da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no quinto ou no sexto curso de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha



exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

2. Non terá dereito á exención o alumnado que realizase estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

Disposición adicional segunda. *Elección de horarios nos centros de educación secundaria*

1. Coa finalidade de determinar durante o mes de xullo as necesidades de profesorado que se precisarán no centro para o vindeiro curso, así como de que os centros dispoñan de máis tempo para a organización e planificación do curso e de que o profesorado coñeza con maior antelación as materias, ámbitos e/ou módulos que terá que impartir no vindeiro curso, os centros docentes realizarán, antes do día 14 de xullo de 2025, unha distribución provisional de materias, ámbitos, cursos, módulos e, se é o caso, quendas para o curso 2025/26 de acordo cos criterios establecidos na lexislación vixente.

2. A dirección do centro enviará antes do día 15 de xullo de 2025 ao Servizo Territorial de Inspección Educativa unha síntese das necesidades de profesorado a partir da distribución provisional realizada. O dito servizo comprobará a súa adecuación á normativa vixente.

3. A partir do 1 de setembro os centros docentes realizarán as actuacións referidas á elección de horarios que se establecen na lexislación vixente e, se non houber ningunha xustificación motivada que o impida conforme a normativa de aplicación, confirmarán a distribución provisional de materias, ámbitos, cursos, módulos e, se é o caso, quendas entre o persoal que forma parte dos departamentos.

Disposición adicional terceira. *Rexistro en XADE*

1. As medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos de avaliación do alumnado, coas seguintes iniciais:

- AC: adaptación curricular.
- AF: agrupamento flexible.
- EC: enriquecemento curricular.
- RE: reforzo educativo.

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414



2. O alumnado ou as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado menor de idade poderán presentar unha solicitude motivada ante a dirección do centro para que se teña en conta a ausencia temporal do alumnado que realice estudos no estranxeiro durante algúns meses do curso escolar.

Coa solicitude que se presente achegarase a documentación que acredite a realización dos ditos estudos e a súa duración.

Sen prexuízo de que os resultados da avaliación final deste alumnado se consignen conforme o número 3, no caso de que a alumna ou o alumno non poida ser avaliado nalgunha das avaliacións parciais do curso académico 2025/26 esta circunstancia rexistrárase nas actas de avaliación parcial co termo «Ausencia temporal» (AT).

3. Os resultados de avaliación expresaranse nos documentos de avaliación cos seguintes termos:

a) Na educación infantil: «sen dificultade» (SD), «en proceso» (EP) ou «con dificultade» (CD).

b) Na educación primaria: «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: insuficiente: 1, 2, 3 ou 4; suficiente: 5; ben: 6; notable: 7 ou 8, e sobresaliente: 9 ou 10.

c) Na educación secundaria obrigatoria: «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: insuficiente: 1, 2, 3 ou 4; suficiente: 5; ben: 6; notable: 7 ou 8, e sobresaliente: 9 ou 10.

d) No bacharelato: cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco.

Cando o alumnado non poida ser avaliado dunha materia de segundo curso por estar pendente de ser aprobada a materia de continuidade do primeiro curso, a materia de segundo consignarase co termo «Pendente» (P) na avaliación final ordinaria. A dita materia



consignarase cunha cualificación numérica de cero a dez sen decimais na avaliación final extraordinaria.

Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase «Non presentada/o» (NP).

4. As materias validadas consignaranse co termo «Validada» (CV) e as materias con exención consignaranse co termo «Exenta/o» (EX).

As materias pendentes de validación por ter que presentarse a acreditación da superación da correspondente materia das ensinanzas profesionais de música ou de danza antes da data da última sesión de avaliación consignaranse co termo «Pendente» (P) nas avaliacións parciais e, de ser o caso, na avaliación final ordinaria do bacharelato.

Cando o alumnado non acredite a superación da correspondente materia das ensinanzas profesionais de música ou de danza, consignarase como «Non presentado» (NP) na avaliación final da educación secundaria obrigatoria ou na avaliación final extraordinaria do bacharelato.

5. O alumnado que presente solicitudes de homologación/validación de títulos de educación secundaria obrigatoria ou de bacharel co obxecto de facer posible a súa inscrición condicionada en centros docentes indicárase na aplicación XADE como «Matrícula condicionada por homologación/equivalencia» (Datos xerais da alumna/o > Outros datos alumnado > Datos rexistrables: matrícula condicionada por homologación/equivalencia > Estado «Si-Homologación»).

No momento de presentación da credencial pola que se concede a homologación ou validación dos estudos estranxeiros, retirárase o dito rexistro na aplicación XADE.

No caso de non presentarse a credencial antes da data da sinatura da avaliación final na educación secundaria obrigatoria ou da avaliación final extraordinaria no bacharelato, a matrícula condicional perderá a vixencia, procederase á baixa de oficio da alumna/alumno e os estudos do curso académico non se considerarán realizados.

6. O alumnado que sexa matriculado de xeito condicional nun centro docente por outros motivos diferentes ao número anterior, indicárase na aplicación XADE como «Matrícula condicionada por outros motivos» (Datos xerais da alumna/o > Outros datos alumnado > Datos rexistrables: matrícula condicionada por outros motivos > Estado «Si- Condicional»).



Disposición adicional cuarta. *Titorización do prácticum universitario nos centros públicos*

Os centros docentes públicos e o seu profesorado soamente poderán ser centros de prácticas e titorizar o prácticum do alumnado universitario matriculado nas universidades que teñan asinado convenio coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para tales efectos.

Disposición adicional quinta. *Inspección educativa*

A Inspección educativa velará polo cumprimento das medidas recollidas nestas instrucións e prestará apoio e asesoramento aos centros educativos na súa implementación e en todo aquilo que, dentro das súas funcións, facilite a mellora da atención educativa do alumnado.

Disposición derradeira primeira. *Presentación de solicitudes por sede electrónica*

As solicitudes de autorización recollidas nesta resolución enviaranse a través da sede electrónica empregando unha solicitude xenérica (código de procedemento PR004A) dirixida á dirección territorial de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional correspondente, indicando no asunto relacionado o motivo da solicitude.

Disposición derradeira segunda. *Difusión*

As direccións dos centros docentes que impartan estas ensinanzas arbitrarán as medidas necesarias para que esta resolución sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025

Judith Fernández Novoa
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

CVE-DOG: 6s5aqqf8-h2m3-l7g7-vof1-t8o7tqcor414

